



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 8/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 28 de xullo de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 28 de xullo de 2022, resultou aprobada por maioría de catore votos a favor, coa abstención da Sra. Ferreiro Villaverde, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe da Intervención municipal en cumprimento das atribucións do art. 4 do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, en relación co art. 219 do R.D. Lei 2/2004, de 5 de marzo, informe de control financeiro mediante o exercicio de control permanente dos gastos e ingresos correspondentes ao exercicio económico 2021, nos termos que determina o artigo 32 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril. O informe conclúe nunha serie de deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun Plan de Acción no que se recollan as medidas de corrección a adoptar, así como o responsable e calendario para a súa implementación, son as seguintes: Planificar a actividade contractual, evitando a realización de gastos sen cobertura contractual, sen crédito orzamentario, nin expedientes de tracto sucesivo vencidos. Efectuar as propostas de gasto correspondentes previa a realización de obras, subministracións ou servizos que teñan o carácter de contratos menores, ou ben implementar anticipos de caixa fixa para os gastos periódicos ou repetitivos, como os referentes a dietas, gastos de locomoción, material non inventariable, conservación, tracto sucesivo e outros de similares características, en particular ás subministracións de escasa contía. Controlar a execución orzamentaria do Capítulo I, verificando o cumprimento das limitacións legalmente establecidas, sobre todo no referente á percepción de produtividade e gratificacións. Evitar o número excesivo de programas de contratación de persoal, a fin de satisfacer necesidades estruturais mediante dicha técnica. Proceder no prazo previsto na normativa a estabilización do emprego temporal incluíndo todas as prazas de natureza estrutural, de acordo coa lexislación vixente ao efecto. Na medida do posible que permita a normativa de aplicación vixente proceder a cubrir as necesidades de persoal do concello. Seguir a tramitación interna nos expedientes de contratación menor, así como evitar a contracción de gastos sen a preceptiva cobertura contractual. Reiterar a necesidade de efectuar un Plan Estratéxico de Subvencións, así como establecer unha serie de obxectivos que sexan concretos e medibles. Nos expedientes de subvencións limitar os pagos anticipados sen garantía así como actualizar a Ordenanza Xeral de Subvencións, controlar os prazos de tramitación e levar un seguimento da correcta xustificación das mesmas, así como verificar o cumprimento en prazo de presentación e aprobación das correspondentes contas xustificativas.

Igualmente se informa que a débeda bancaria na data presente con entidades financeiras ascende á contía de 460.857,00 €. Os xuros para a totalidade do ano serán por importe de 1.500,00 €.

Os Srs Concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2021.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ó exercicio de 2021, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta (**Expdte. 2022/T017/000001**).

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 10/06/2022, e informe de intervención.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 115, de fecha 17/06/2022 e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Intervén a Sra. Soenira Liñarez, 1º Tenente de Alcalde, que sinala que as Entidades locais como xestores de fondos públicos teñen a obrigaçión de informar, xustificar e responsabilizarse da actividade económico-financiera que realizaron durante un ano. Para iso, teñen que elaborar as súas contas anuais que reflicten a forma na que se desenvolveu esta actividade. A rendición de contas é o acto administrativo mediante o que os responsables da xestión dos fondos públicos ou cuentadantes informan, xustifican e responsabilízanse da aplicación dos recursos postos á súa disposición nun exercicio económico. A responsabilidade en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade na que incorran quen adoptou as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas devanditas contas, e así, a regra 49, apartado 4, da ICAL sinala que a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. As Entidades locais están obrigadas a render as súas contas ao Tribunal de Contas e aos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (OCEX) e esta obrigaçión é a que se denomina como obrigaçión de render contas. Os órganos de control externo, Tribunal de Contas e os OCEX, teñen asignadas as funcións do control sobre a actividade económico financeira das administracións públicas, para garantir que esta actividade realízase de acordo coas normas e de forma eficiente. Entre estas funcións está controlar e impulsar que as Entidades locais elaboren e rendan as contas anuais. Ademais moitos axentes necesitan e demandan a información que conteñen as contas anuais das Entidades locais: os órganos de xestión, para poder tomar decisións, os plenos das Entidades locais, Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas, Cortes Xerais, os cidadáns, empresas ou institucións financeiras aos cales lles interesa coñecer, por diferentes motivos, cal foi a actividade económica das Entidades locais e a súa situación financeira e patrimonial. O artigo 201 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece a obrigaçión ás Entidades locais de render as súas contas. De acordo co artigo 223 da mesma norma, as Entidades locais están obrigadas a aprobar e render a Conta xeral do exercicio. A Conta Xeral está formada polas contas anuais da Entidade local e das súas entidades dependentes e os estados que compoñen as contas anuais son o Balance de situación, a conta de resultados económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, a liquidación dos orzamentos e a Memoria. A Conta xeral é un conxunto de documentos e estados que a Entidade local ten que elaborar ao final de cada ano para informar sobre: A situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da Entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano. Os gastos, ingresos, beneficios e perdas da Entidade local durante o ano ao que se refire a Conta xeral. Como se executou o orzamento da Entidade local, é dicir, ofrece información sobre canto e en que se gastaron os recursos que se obtiveron nese ano, cantos recursos obtivéronse no ano e cales foron eses recursos. Tamén se informa sobre a forma na que se realizaron eses gastos e ingresos. A Lei establece cal debe ser esa información e como se debe elaborar. En concreto, a información que teñen que elaborar ao finalizar o ano é a denominada Conta xeral, que se atopa regulada nos artigos 208, 209, 210 e 211 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas Instrucións de Contabilidade Local. A estes efectos a citada Conta Xeral contén todos os documentos que a deben integrar. Reiterar que, de conformidade co disposto na regra 49, apartado 4, da ICAL, a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. O expediente da conta xeral que se presenta para o ditame da Comisión Informativa inclúe a totalidade da documentación e dos estados contables aos cales refírense tanto o TRLRFL como a ICAL. A dita conta foi formada pola intervención municipal, a cal elaborou tamén un informe explicativo da mesma, se ben ningunha norma expresa a necesidade da emisión do mesmo. No que respecta á tramitación da Conta Xeral, convocouse aos membros da Comisión especial de contas o 16 de maio para a celebración da mesma o día 10 de xuño,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

cumprindo así o disposto no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, que sinala que as contas e a información complementaria estarán a disposición dos seus membros como mínimo quince días antes da reunión. De conformidade co disposto no artigo 212.3, unha vez ditaminada, exporase ao público por espazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do dito edicto no BOP, ao obxecto de que todos os interesados poidan examinala e formular as reclamacións, reparos ou observacións que estimasen pertinentes. Examinados estes por a Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe. Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro. As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada. De seguido faremos un breve resume das magnitudes que se deducen da Conta Xeral. 1. Respecto ao Balance. O activo e o pasivo están equilibrados, como non pode ser doutra forma, ascendendo á contía de 69.670.874,15 €. 2. Respecto ao Resultado económico-patrimonial. Xerouse un incremento do patrimonio, isto é, un beneficio, de 2.828.219,47 €. 3. Respecto ao estado de fluxos de efectivo. O efectivo e activos líquidos equivalentes ao final do período ascende a 5.274.340,10 €. 4. Respecto á liquidación dos orzamentos. O resultado orzamentario axustado legal é positivo por importe de 1.593.058,29 €. O remanente de tesourería para gastos xerais foi de 4.785.217,65 €. O aforro legal foi positivo nunha contía de 2.121.317,16 €, o que supón un 22,23 % sobre os dereitos liquidados por operacións correntes na liquidación dos orzamentos municipais. A liquidación dos orzamentos cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria (capacidade de financiamento de 1.190.115,16 €), non avaliándose o cumprimento da regra de gasto (se ben o incremento do gasto computable é inferior ao límite que marcara o goberno para o 2021, o cal está suspendido), límite de débeda e período medio de pagamento (de 1,34 días en decembro de 2021). No entanto, cabe sinalar que as regras fiscais atópanse suspendidas para os exercicios 2020, 2021 e 2022, agardándose que tamén se adopte un acordo en tal sentido para o 2023. Remarcar o feito de que non se trata de analizar se a xestión foi boa ou mala -que a vista das cifras non cabe dúbida que foi boa-, pois desta responderán, de ser o caso, os xestores, a aprobación da conta ven sendo un acto formal necesario para a súa rendición aos órganos de control externo. En resumo, trátase dun documento de carácter contable.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que isto é un trámite, teñen maioría, van a aprobala igualmente, por tanto no van a presentar ningún impedimento.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non deixa de ser un trámite para poder continuar outros procedementos, tampouco van a por ningún tipo de obxección.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a conta xeral é un trámite como calquera trámite que se somete ao pleno. É conveniente analizala por que é un documento importante. Analízase o que foi o resultado do exercicio anterior, e ademais de non aprobala pódese por en risco que o Concello de Ordes non obteña subvencións de outras administracións públicas. É un documento importante. Van analizar a tónica xeral de todos os anos. Son unhas contas que presenta nesta ocasión do ano 2021 oitenta e nove reparos a oitenta e nove facturas. O interventor municipal viuse na obriga de formular reparos suspensivos por que o goberno municipal é incapaz despois de case dous mandatos de regularizar a situación e mantén sete contratos vencidos ou segue tramitando como contrato menor facturas habituais ou recorrentes que deberan ser obxecto dun expediente de contratación. Facturas por un importe de 423.000 euros. Como novidade con respecto á obra de peatonalización e humanización da rúa do Muíño o interventor emitiu un informe de omisión da función interventora por que non se tramitou o procedemento oportuno para as



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

modificacións que se levaron a cabo nestas obras, actuación irregular da actuación municipal ao non permitir ao interventor fiscalizar a modificación dun contrato por importe de 48.600 euros. Despois o que veñen advertindo desde o BNG nos derradeiros anos, e que volven a facer aínda que non lles guste que o fagamos, e que volve a demostrar unha vez máis a suba de impostos na que nos están sumindo desde o goberno municipal. Cando chegaron á alcaldía no ano 2015 o resultado da conta xeral daquel ano sinalaba que a recadación por IBI rústica era de 257.000 euros, por IBI urbana 1.829.000 euros, en total 2.086.000 euros. Como resultado da conta xeral de 2021 a recadación de IBI rústica foi de 294.000 euros, IBI urbana 2.152.000 euros, en total 2.446.000 euros, 360.000 euros máis que no ano 2015. Cando chegaron ao goberno a tónica de sempre. Cando dicimos isto o que nos responde o goberno é que iso se debe en grande medida á regularización catastral efectuada no seu día. A regularización catastral foi un trámite que solicitaron dende o goberno municipal no ano 2015. É un trámite que pola regularización duns galpóns por aí adiante non supón tanta diferenza. O certo é que se calquera veciño comproba os recibos da contribución que lle están chegando estes días con respecto aos do ano 2015, de media van a atopar unha suba dun 20%, esa é a realidade. Quen teña un piso subiulle o recibo e non foi pola regularización dun galpón. Esa é a realidade. Os recibos que están chegando estes días como o goberno municipal no ano anterior non quixo variar o tipo impositivo manténdoo no 0,48 %, suben os recibos. Para este ano 2022 prevese recadar nos orzamentos IBI rústica 294.000 euros, IBI urbana 2.210.000 euros, total 2.500.000 euros. 417 euros máis. Nunha análise máis profunda do que o foi o resultado do exercicio 2021, nos atopamos con cousas curiosas, case se duplica o gasto previsto en publicidade é propaganda, pasando de 11.400 euros previstos nos orzamentos aos 19.500 que finalmente se gastaron. Case se duplica o gasto previsto en postais pasando dos 5.500 euros previstos nos orzamentos aos 10.500 euros finalmente gastados. O gasto en mantemento de vías públicas, había uns créditos iniciais de 2.828.000 euros e finalmente se gastaron 2.550.000 euros, quedaron sen gastar 278.000 euros, que se podían ter investido en acondicionar outras vías públicas. Como exemplo a principal de Buscás que empeza a ter bastante falta. En materia de rozas había un crédito presupostario de 71.300 euros e finalmente gastaron realmente 61.800 euros, quedando sen gastar 9.500 euros. Dende o BNG advertimos en varias ocasión o estado no que estaban as cunetas, completamente inzadas de maleza. En tema de abastecemento en saneamento crédito presupostario 519.000 euros, gastaron realmente 416.000 euros, quedaron sen gastar 103.000 euros, que se podían ter investido na ampliación das redes de abastecemento cara outras zonas onde non existen. Hai moitas parroquias que carecen destes servizos públicos, estamos falando do Seixo, Barcula e Adrán. Estas carencias teñen especial relevancia no día de hoxe cando chega o verán temos problemas de seca e a moita xente non lle chega a auga ás casas.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que reiteran o que dixeron no primeiro turno, non van a presentar ningún impedimento. Non deixa de ser un trámite, teñen maioría. Pode haber carencias nos servizos como dixo o voceiro do BNG, está ben que se expoñan. Non van a presentar ningún impedimento.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como o dixo a Tenente de Alcalde, non se trata de manifestar a conformidade ou disconformidade coa xestión. É un exercicio de transparencia, necesario para continuar o trámite. Non van a por impedimento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que reitera o que xa dixo anteriormente. Para eles non é un mero trámite. Se non ha ningunha réplica non teñen moito máis que dicir. A postura é bastante clara. Van a votar en contra desta conta xeral.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, concelleiro non adscrito, que sinala que agradece en primeiro lugar que os concelleiros non adscritos e o PSOE teñan claro a importancia de que esta conta xeral teña que saír adiante independentemente de que teñan ou non maioría, como dixo o voceiro do BNG se non temos aprobada a conta xeral podemos perder moitas subvencións, o que sería un erro grandísimo para calquera corporación, governe quen governe. A cantinela do BNG sempre é a mesa, ano tras ano, xa teñen o discurso preparado, simplemente é darlle unha voltíña máis e seguir insistindo no mesmo, ningunha novidade, o non polo non, que é o que a eles lle gusta. É o que fan alí onde teñen a oportunidade de levar a súa voz, ben sexa no Congreso, Parlamento de Galicia ou en calquera dos concellos. Esa é a liña á que estamos habituados. 89 reparos, 2.500 facturas, o 3,56 %. Si isto é un problema no concello de Ordes, benvinda sexa esa preocupación. Deputación da Coruña goberno do PSOE e BNG o levantamento de reparos suspensivos supera amplamente o 25% das facturas emitidas. Non veña a dar exemplos de xestión e limítense a xestionar alí onde gobernan. Un 25% de facturas reparadas iso si que é unha auténtica barbaridade para que despois queiran dar criterios de xestión. Fala do IBI, é recorrente, cansino, aburre tanta insistencia. Houbo que facer una regularización no ano 2015. Estase a facer unha nova regularización. Non a pediu o PP. Foi unha das herdanzas que lle quedou riba da mesa, a tiñan que ter asinada antes do mes de maio, non a fixeron, houbo que asinala no mes de xullo. Foi unha das primeiras cousas que lle trouxo o interventor do concello á Alcaldía. Houbo que facelo. Os concellos que estaban incluído no BOE tiñan que facer esa regularización, o único que se facía era facilitar os trámites dende o departamento de urbanismo á hora de comunicación coa empresa encargada dos traballos. O seu discurso, como non lle interesa contar a realidade, vive na mentira, é outro. Concello de Carballo, que tanto presume e que trae de exemplo, IBI urbana 5.116.000 euros, IBI altas urbana 815.000 euros, exercicio 2021. Isto si que é un sablazo aos veciños. Se quere buscamos os datos de Rianxo onde tamén gobernan. Para que despois non veña a contarnos que Ordes é unha excepción por que se teñan dado de alta un montón de bens inmobles. As altas non foron de galpóns, tamén de vivendas, naves industriais, explotacións gandeiras. Os galpóns non son os que suben o incremento dese valor no IBI. O sabe perfectamente como técnico, pero vende un discurso catastrofista, parécelle que a xente non mira os recibos. Tipo IBI 2015 0,60 %, tipo IBI 2021-2022 0,48%. Se sabe algo de matemáticas baixada do 20%. Esta é a realidade do que se lle está aforrando aos petos dos veciños de Ordes por ter feito unha regularización importante no tipo impositivo desde o ano 2015 ata o ano 2022. Temos incorporado moitos inmobles. En números cuantitativos claro que se aumentou a recadación municipal. Vende demagogia barata, falar por falar. A recadación neta vese ao final dos exercicios. Non se pode plantexar que o concello vai a recadar uns cartos por que están previstos nos orzamentos por que ao final nunca se acada o 100% da recadación. Pásase polas altas dos inmobles que están contempladas nun único epígrafe, non en outros concellos nos que están separadas. Pode comprobar os datos no Ministerio. Esa é a realidade, onde están as cifras non hai nada máis do que falar. Pode seguir coa súa demagogia e mentiras, pero non vai a ningún lado. Que veña a dicir que se gasta en propaganda e anuncios por que houbo moitos máis anuncios no BOP, DOG ou BOE por trámites administrativos municipais lle parece desastroso por que non ten un coñecemento mínimo de como funciona unha administración municipal. No ano 2021 houbo máis anuncios que remitir a estes diarios oficiais de diferentes expedientes administrativos que tramitan técnicos. Non é gasto do goberno municipal. Fíxese onde se refiren eses gastos de publicidade aos que se acabar de referir, o interventor fixo unha previsión pero polos expedientes que houbo que tramitar gastouse máis, previa a modificación de créditos oportuna. Non hai outra explicación de algo que vostede quere vender aquí. Realización de outras obras distintas das previstas, hai 723 Qm de pistas, trátase de facer algo todos os anos en todas as parroquias. Cando se chega ao final do ano e hai partidas sen gastar non é tan fácil tirar do diñeiro, sobre todo cando está en capítulos nos que non é factible facer unha modificación, ou se depende dun proxecto e licitación. Ogallá puideran conseguir unha eficiencia do 100% todos os anos na execución do gasto orzamentario, entón non necesitaríamos nin dos técnicos. Que se critiquen os debroces gracias a que había una previsión de gastos e nos ampliaron os créditos pola Xunta a través do convenio de incendios e que non houbese que tirar de fondos propios, descoñece como



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

funcionou o incremento das axudas dos convenios nos concellos de Galicia. Houbo un aforro de recursos propios, pero non por iso se deixou de cubrir o plan de desbroces das vías públicas e das pistas de concentración parcelaria. No exercicio 2022 aínda se incrementou máis a partida dos convenios. Catro millóns de euros son os que levan investidos en obras de abastecemento e saneamento en sete anos. Non veña dar leccións de como teñen que facer as obras, teñen outras iniciadas e programadas, que esperan executar canto antes. Ven con actuacións recorrentes que non ten nin analizadas. A actuación de abastecemento e saneamento no Seixo, Barcula supera amplamente o millón de euros, única e exclusivamente para vinte vivendas. Non di que con tempo se lles poida dar o servizo, vostede se fose un bo xestor non considera máis necesaria esa actuación en Raxide, Darefe ou Villaverde como fixeron nos derradeiros anos ou na zona da Espenica onde se atenden múltiples vivendas e non se gasta un millón douscentos mil euros en prestar un servizo a unhas poucas vivendas, e cando a día de hoxe non se dirixiron ao concello para demandar este servizo. Poder pedir podemos todos, tamén se pode pedir noutros moitos núcleos. Se vostede como xestor prefere darlle servizos aos seus amigos, esa é a forma de gobernar do BNG, fágao, mentres eles estean aquí traballarán con criterios de eficacia e eficiencia. Se queren facer algo polos veciños de Ordes, vostede que tanto pasea por aí, cada vez que pisa pola estrada do Recreo debería darlle vergonza como ten a Deputación provincial, algo que lle ten demandado en múltiples ocasións nos derradeiros sete anos. Iso si que é unha vergonza, unha estrada coa que poden implicarse para que pola Deputación se leve a cabo o proxecto que lle teñen demandado e que se humanice dunha vez por todas. Iso si que é unha auténtica necesidade, aquí no casco urbano. Implicación cero, iso é o que vostedes nos levan demostrando nestes anos. Pídelle que faga algo por Ordes se o ten a ben. Agradece aos grupos que facilitan a súa aprobación. Vostedes como sempre o non polo non, sigan na súa senda que cree que lles vai ir moi ben como lles foi ata o de agora.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), un voto en contra (Sr. Vidal Ríos), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

4. APROBACIÓN ADHESIÓN DO CONCELLO DE ORDES Á “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DA VÍA VERDE COMPOSTELA, TAMBRE, LENGÜELLE.

Visto que con data 10 de maio do ano 2022 os Concellos de Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Cerceda e Tordoia asinaron a acta fundacional de constitución dunha asociación sen ánimo de lucro, ao abeiro do artigo 22 da Constitución e de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que se denominará “Asociación de Concellos da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”. Igualmente aprobaron os estatutos polos que se vai rexer a asociación (**Expdte. 2022/X999/000112**).

Visto que o fin principal desta Asociación e a promoción deste camiño natural de sendeirismo e cicloturismo.

Visto que de acordo co artigo 7º dos Estatutos da Asociación para integrarse na mesma cada Concello deberá adoptar un acordo polo Pleno da Corporación, no que se expresará a súa vontade de adhesión e o cumprimento dos estatutos. Igualmente se nomeará unha persoa como



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

representante na Asemblea Xeral.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 23/09/2022, e informe de intervención.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo con esta adhesión a esta Asociación. Están contentos de que se fixese esta obra que vai a ser moi beneficiosa para os concellos da contorna. Se a través desta asociación se pode promocionar a mesma non van a poñer ningún impedimento. O ven ben.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que pola súa banda tampouco ben ningún problema na adhesión. É un lugar de esparcemento para todos os concellos do que se está a facer moito uso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que isto é algo semellante ao que se fixo co Camiño Inglés, cando se integrou o concello de Ordes na súa asociación. Se é para a promoción da Vía Verde, ao igual que o estiveron cando foi do Camiño Inglés tamén están a favor deste punto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Adhesión do Concello de Ordes á “Asociación de Concellos da Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”, comprometéndose ao cumprimento dos seus Estatutos.

2.- Designar como representante na Asemblea Xeral da Asociación ao Alcalde-Presidente do Concello de Ordes: José Luis Martínez Sanjurjo.

5. APROBACION PROVISIONAL MODIFICACION DE ORDENANZAS FISCAIS.

Expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación do servizo de auga potable (Art. 5. Cota tributaria) e de modificación da ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (Art. 5. Cota tributaria) (**Expdte. 2022/G016/000003**).

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 23/09/2022.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que van a votar a favor, se hai que actualizar o importe da taxa segundo o IPC dacordo co contrato o ven ben.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é unha subida considerable. A colación dunha proposta de acordo que ven máis adiante. Vai ao bosillo dos cidadáns neste momento de crise. Votarán en contra.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que é algo que está así estipulado no contrato. É un incremento importante, sube a vida, sube todo. Se houberse un acordo en contra teríase que resolver o contrato e indemnizar ao concesionario. Non están de acordo coa subida. Van absterse.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de doce votos a favor (9 grupo político PP, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (Sr. Vidal Ríos) e dous votos en contra (grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación do servizo de auga potable (Art. 5. Cota tributaria) e a modificación da ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (Art. 5. Cota tributaria), cuxos textos modificados figuran na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

6. APROBACION INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (SUPLEMENTO DE CRÉDITOS).

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos 2P SC/2022 (**Expdte. 2022/T002/000022**).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 23/09/2022.

Visto o Informe de Intervención.

Visto o Informe de intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que está a favor da modificación de créditos para a gratuidade dos rapaces asistentes á escola infantil municipal. Na situación que estamos a vivir é necesario dar facilidades e incrementar as axudas sociais. Todos os partidos políticos a nivel estatal coinciden en que veñen tempos difíciles, as familias van a necesitar deste tipo de iniciativas sociais para facer fronte ao día a día. Están de acordo con esta modificación. En canto á adquisición dos terreos da antiga fábrica de Viriato, na



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Comisión Informativa preguntaron diferentes cuestións sobre este asunto, que ten pensado facer o goberno municipal nestes terreos unha vez que proceda á súa adquisición, so se informou que serían para uso deportivo, sen especificar as instalacións que queren construír nin o seu custe estimado total que esta operación vai a supor para as arcas municipais, falamos de custes de demolición, construción e mantemento destas instalacións. A presidenta da comisión informou que a día de hoxe non existe ningún estudo do custe de facer estas instalacións deportivas, indicou que se ía demoler todo. Por responsabilidade persoal estes concelleiros non adscritos non poden votar a favor da compra deste terreos por que non teñen ningún información do que se vai a facer alí, o uso deportivo é algo moi xeral, que non lles permite valorar se as construcións son realmente necesarias para o pobo ou non. Non se informou do importe das obras a realizar nesa parcela. Creen que cando se quer facer unha compra desta magnitude, estamos a falar de case un millón de euros, debe existir un estudo previo do custe total estimado das obras a realizar alí. É unha información imprescindible para saber se esa compra é viable e se é algo prioritario para o pobo ou existen outras actuacións máis urxentes. Outro factor a ter en conta é o posible empeoramento a crise económica actual, é moi probable que nun futuro próximo os concellos deban incrementar o seu gasto en medidas sociais e axudas ás familias e comercios. Os cartos son os que son. Non saben si tiveron en conta estes factores á hora de propor este proxecto e cales son as súas prioridades. Estaría ben que o pobo estivese ben informado de todo isto. Están totalmente de acordo coa gratuidade da escola infantil e non poden votar a favor da adquisición dos terreos da antiga fábrica de Viriato. O goberno municipal xuntou estes temas tan distintos no mesmo punto a pesar de que o Secretario na Comisión Informativa informou de que era viable que o goberno municipal tivese proposto estes dous puntos por separado, non o fixo así. O seu voto non vai a ser favorable pese a estar de acordo coa gratuidade da escola infantil municipal.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que case pode dicir que subscribe palabra por palabra o que acaba de dicir o compañeiro. O PSOE en ningún momento vai en contra desa gratuidade da escola infantil. Non deixa de sorprendelhe que vai todo nun único punto. Mesturar dúas actuacións completamente distintas. A operación inmobiliaria pode ser moi boa. Pensan que pode non ser o momento adecuado agora mesmo coa situación que se aveciña. Sen proxecto. Non se sabe cal é o seu custe. Da a sensación de que imos ter outro Gaias no concello de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que na Comisión Informativa se lles comentou que estes 50.000 euros para a gratuidade da escola infantil, que nos tiñamos que dotar dos fondos para adiantar os pagos a empresa que xestiona a escola infantil municipal e despois a Xunta de Galicia faría o ingreso nas arcas municipais, no presente exercicio ou cando sexa. O que lles explicaron foi iso. Con respecto aos terreos na antiga fábrica de Viriato, o seu custe é de 962.000 euros, que se pretenden pagar en dúas anualidades, 50 % 2022 e o outro 50 % no 2023. Na Comisión Informativa preguntouse cal era o plan, que se pretendía facer alí, respondéndose que de momento non había un proxecto en firme e tampouco se sabía o que se quería facer neses terreos. En principio como non saben para poder valorar se é un investimento interesante. O custe de un millón de euros, os gastos de demolición pasarán de cen mil euros. O seu voto vai a ser a abstención. Aproveita para dicir que hai moita xente indignada co asunto. Hai moita xente que foi despedida no primeiro ERE e a día de hoxe aínda non ten solucionada a súa situación, non cobrou as indemnizacións que lle pertencen. Solidarízanse con esa xente, pónenlle voz aínda que non sirva esta compra para poder compensalos economicamente. É de xustiza acordarse deles, apoialos na súa loita para que consigan as indemnizacións a que teñen dereito.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que seguen sen ter explicacións do que se vai a facer alí. Deixou pasar un turno. Pídelles unha votación a cegas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Non lles gusta improvisar, por responsabilidade o seu voto tamén vai a ser a abstención. Están totalmente de acordo coa modificación de créditos para a escola infantil. Se houberse un proxecto en firme que se puidese dicir que era beneficioso para o pobo. Non ten sentido votar a cegas.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que a modificación de créditos para a escola infantil lles parece ben. Reiteran o que dixeron os compañeiros, descoñecen o custe de todo iso para as arcas municipais. Non se lles presentou nada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que se non hai réplica non teñen nada que engadir.

Intervén o Sr. Alcalde, concelleiro non adscrito, que sinala que o regulamento é o regulamento e poden utilizar os turnos como creen oportuno. É curioso que veña aquí representando aos indignados do que pasou fai anos, deixa moito que desexar unha vez máis, é respectable. Esta é unha causa a que se sumaron e se sumarán todos os representantes que estiveron e están nesta corporación. Iso que tanto ían arranxar eses progresistas que entraron en Madrid no ano 2016 cunha moción de censura, vese que os resultados son que seguimos nas mesmas, que tanto ían solventar cos ERES, ERTES e demais, segue habendo xente con preocupacións e que non recibiron a totalidade das súas indemnizacións. Non é tan sinxelo, foi moi fácil poñerse detrás dunha propaganda, dunha bandeira cunha estrela, unicamente para chamar a atención e despois cando toca tomar as decisións oportunas para resolver as cuestións non hai nada que facer. Os que si estivemos con eles nas entidades bancarias e nos organismos que podían votarlles unha man foi este grupo de goberno, non os que estaban detrás das pancartas. Algo que agradeceron todos e cada un dos traballadores e o seguen agradecendo a día de hoxe. Esta clarísimo no texto da documentación cando fala de dotación de instalacións deportivas municipal, dotación de equipamento. A día de hoxe se hai algo do que carecemos é que non temos solo de equipamentos dentro do termo municipal. Non temos solo de equipamentos no casco urbano. Os proxectos a realizar aí unha vez que se proceda á demolición de todo, simplemente por unha cuestión de imaxe, feísmo, o decidirá a futura corporación por que non imos ser os donos destes terreos ata o segundo trimestre do ano 2023. Hai que ser prudentes. Conseguiuse facer unha negociación gracias a colaboración dos técnicos, empresarios e veciños para conseguir que saíra adiante nunha cantidade que é a terceira parte do prezo inicial, así como a predisposición de Aliseda Inmobiliaria, para que co compromiso do concello de que ese solo fose para dotacións públicas, se rebaxou a cantidade, en máis de dous anos de negociación. Vai a adquirirse máis de 16.000 m² de solo, en pleno casco urbano de Ordes, que non se conseguiu desenvolverse dende un punto de vista empresarial en máis de cinco anos que leva aí sen que ninguén fixese ningún tipo de oferta, que non seu día se quedou con el unha entidade bancaria en preto de catro millóns de euros, que vai a formar parte do patrimonio municipal por menos de un millón de euros para dotacións públicas, así se vai a recoller no PXOM que será obxecto de aprobación provisional. Que vai a ser un lugar, un punto de referencia para o Ordes do futuro. Claro que existe un proxecto, pero non sabe se son quen de desenvolver ese proxecto no futuro, mais aló de maio do ano que ven, traballarán por iso. Ese proxecto costa varios millóns de euros, a demolición está preto dos trescentos mil euros, son máis de 9.000 m² de construcións, 6.000 m² de pracas de fibrocemento que hai que xestionar. É unha oportunidade histórica para Ordes. Vai adquirirse un solo, no que o valor das construcións e cero, case debería ser un valor negativo, o que queira facer un proxecto viable ten que demoler aquilo. Van a poder facerse instalacións deportivas, pechadas e ao aire libre, aparcamentos. Vai a poder expandirse cara esa zona noreste a vila de Ordes. Non poden pedir que lles traíamos un proxecto, documento que como ta l non se lle contratou a ninguén. Ideas si, se queren failles un boceto de como lle gustaría que se fixese aquilo nunha dotación final de preto de 25.000 m². A día de hoxe o importante é a adquisición dos terreos, que estes sexan municipais. A partir de aí conseguindo financiación doutras administracións públicas e con fondos propios se acometa a demolición e se poña en marcha ese proxecto. O obxectivo é a adquisición duns terreos para dotacións públicas ao



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

servizo dos veciños de Ordes a carón da vila de Ordes. A partir de aí proxectos moitos, hai que ilo deseñando e desenvolvendo pouco a pouco. Hai máis terreos por comprar para levar adiante ese proxecto. Esta é a idea que a día de hoxe teñen e que lle gustaría que os demais a tivesen. O máis importante é ter ideas, non que lle dean o traballo feito. Agradece que estean todos de acordo no punto segundo. Débese recoñecer unha cousa Xunta de Galicia, PP de Galicia, Presidente Feijoo, Presidente Rueda primeiros que tomaron por bandeira a gratuidade pública e universal para todos os nenos de 0-3 anos, que ninguén se apropie de esa bandeira. Como concello cunha escola infantil municipal nos sumamos a esa iniciativa. Esta modificación vai a ser aplaudida. Hoxe é o primeiro paso, será aplaudida no 2023 e cando ese proxecto sexa desenvolto para beneficio dos veciños. Cada un maña terá a oportunidade de ler a acta e recordar o que fixo aquí hoxe vinte e nove de setembro do ano 2022.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), dous votos en contra (2 grupo político PSdeG-PSOE) e coas abstencións (Sr. Vidal Ríos, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario-suplemento de crédito 2P SC/2022, do orzamento municipal 2022, de acordo co seguinte detalle:

Orzamento de gastos				
Partida de gastos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Créditos finais
933.600,00	Xestión do patrimonio. Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral en terreos	303.038,70	481.484,59	784.523,29
323.472,00	Funcionamento de centros docentes de ensinanza infantil e primaria e educación especial. Subvencións para reducir o prezo a pagar polos consumidores.	200.000,00	50.000,00	250.000,00
	Totais	503.038,70	531.484,59	1.034.523,29

Orzamento de ingresos				
Partida de ingresos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Previsións finais
870,00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	3.417.284,23	531.484,59	3.948.768,82

2.- Excepcionar a aplicación das porcentaxes previstas no artigo 174 do TRLRFL debido ao financiamento de forma que se dota o crédito o 50 % para o exercicio 2022 e o 50% para o exercicio 2023.

3.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

4.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

7. APROBACIÓN BONIFICACIÓN ICIO LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRA.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenza urbanística de obras de construción/ampliación dunha explotación agrogandeira existente.

Visto o disposto no art. 8.2 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 87, de data 09/05/2018).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 23/09/2022.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, Sr. Vidal Ríos, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do 75% da cota do ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación dunha explotación agrogandeira: FINCA CANEDO, S.L., con CIF nº B15782980, obras de construción dunha fosa de xurro cuberta (529,00 m²) (23x23x5) para o servizo dunha explotación gandeira de vacún de leite existente en Lg. Merchás, Vilamaior, Ordes (finca catastral 15060A503020870000LQ), segundo proxecto técnico redactado polo director e coordinador de seguridade e saúde das obras Álvaro Núñez Ferreiro, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de 209.832,51 euros (**Expdte. 174/2022 – 2022/U022/000012**).

8. APROBACIÓN SOLICITUDE E ACEPTACIÓN DE CESIÓN POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA OS TRAMOS DA N-550A DE O P.K. 39+440 AO P.K. 39+660 MARXE DEREITA E DO P.K. 39+860 AO 39+980 MARXE ESQUERDA.

Expdte. 2022/X998/000316.

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“En relación coa cesión gratuíta dos tramos da N-550a de o P.K. 39+440 ao P.K. 39+660marxe dereita e do P.K. 39+860 ao 39+980 marxe esquerda, que se realiza por aplicación dos artigos 5 e a Disposición adicional terceira da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas do estado, así como o artigo 12 do Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas, vixente no que non se opoña á disposición legal antes mencionada:

Artigo 5. Estradas do Estado non integradas na Rede de Estradas do Estado. Aquelas estradas que, sendo competencia do Ministerio de Fomento, non formen parte da Rede de Estradas do Estado, así como os viais e camiños da súa competencia, constitúen o Viario Anexo á Rede de Estradas do Estado, no cal non será de aplicación obrigatoria con carácter xeral a normativa técnica de estradas do Ministerio de Fomento. Este viario poderá ser cedido a outras administracións públicas. O expediente promoverase a instancia destas ou do propio Ministerio de Fomento e será resolvido por este. Cando non existir acordo entre o cedente e o cesionario, o expediente será resolvido polo Consello de Ministros.

Disposición adicional terceira. Transferencia de estradas e tramos. O Ministerio de Fomento promoverá os acordos oportunos para transferir á administración que corresponda as estradas ou



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

tramos das mesmas que sendo de titularidade do Estado non cumpran os requisitos precisos para formar parte da Rede de Estradas do Estado.

Artigo 12. Cambio de titularidade. 1. Salvo o disposto nos artigos 40.2 da Lei de Estradas e 127 deste Regulamento, o cambio de titularidade dunha estrada entre a Administración Xeral do Estado e outras Administracións Públicas acordarase entre elas, previa a incoación e tramitación do correspondente expediente pola Dirección Xeral de Estradas. 2. Instruído o expediente, co acordo das Administracións interesadas, elevarase polo Ministro de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente ao Goberno para a súa aprobación por Real Decreto e consecuente modificación da Rede de Estradas do Estado. 3. O cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscribida polas Administracións interesadas, na que se definirán con precisión os límites do tramo afectado e bens anejos. 4. O cambio de titularidade non poderá afectar os itinerarios de interese xeral.

Propónse remitir ao Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a aceptación da cesión dos tramos da N-550a de o P.K. 39+440 ao P.K. 39+660 marxe dereita e do P.K. 39+860 ao 39+980 marxe esquerda, estimando que na actualidade a N-550 desenvólvese nesa zona polo tronco principal da estrada, sendo os tramos por ceder tramos da antiga nacional, manténdose a continuidade da Rede de Estradas do Estado cun mellor nivel de servizos. Por iso, ambos os tramos cumpren as condicións indicadas nas disposicións normativas mencionadas.

A lonxitude total do tramo da N-550a de o P.K. 39+440 ao P.K. 39+660 marxe dereita é de 220 metros e a superficie estimada obxecto de cesión será de 2.518 m². A lonxitude do tramo da N-550a de o P.K. 39+860 ao 39+980 marxe esquerda é de 120 metros, sendo a superficie estimada obxecto de cesión de 1.120 m².

Na súa virtude, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo ditame preceptivo da comisión informativa permanente de Contas, Facenda e Persoal adopte os seguintes:

ACORDOS:

1.- Aprobar a solicitude e aceptación da cesión os tramos da N-550a de o P.K. 39+440 ao P.K. 39+660 marxe dereita e do P.K. 39+860 ao 39+980 marxe esquerda e formalizar a acta de entrega e recepción do referido tramo, aceptando o Concello a cesión sen contraprestación algunha.

2.- Designar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ordes pa para representar a esta entidade local en todos os trámites seguintes ao comezo o presente procedemento, facultándoa en especial para a firma da acta de entrega que se realice no seu momento.

3.- Remitir este acordo ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a través da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia”.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 23/09/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van por impedimento neste punto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que na Comisión Informativo preguntouse e respostouse que estas vías se ían entregar amañadas. Dende o BNG veñen demandando un lote de tempo o arranxo destas vías de servizo na zona da Reboira, Leira, O Conde, que afectan a vivendas e incluso a empresas da zona, tamén na costa subindo cara Santa Cruz. Necesítase un repaso en todo o concello. Seguir insistindo. Neste punto van a absterse por que o Ministerio de Fomento no esta a cumprir como debería.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coa abstención (Sr. Vidal Ríos), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobación da solicitude e aceptación da cesión os tramos da N-550a de o P.K. 39+440 ao P.K. 39+660 marxe dereita e do P.K. 39+860 ao 39+980 marxe esquerda e formalizar a acta de entrega e recepción do referido tramo, aceptando o Concello a cesión sen contraprestación algunha.

2.- Designar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ordes pa para representar a esta entidade local en todos os trámites seguintes ao comezo o presente procedemento, facultándoo en especial para a firma da acta de entrega que se realice no seu momento.

3.- Remitir este acordo ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a través da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

9. APROBACIÓN PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE ORDES.

Expediente de aprobación do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do concello de Ordes (**Expdte. 2022/X998/000318**).

Visto o disposto no artigo 6.1 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Vistos os informes favorables da Secretaría e Intervención Municipal.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 23/09/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que na Comisión Informativa o Interventor informou que era un trámite necesario para acceder aos fondos europeos non va a por impedimento ningún, van a votar a favor.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é un trámite, un cumprimento da lei.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que esta é unha existencia para o acceso aos fondos europeos. Ao final do que se trata é de cumprir a lexislación vixente, tampouco aporta moito máis. Os concelleiros da oposición non forman parte da Comisión Antifraude que se crea, non van participar nos acordos que nela se adapten. So



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

se lles está a requirir que voten sobre este asunto. Visto que a súa participación so se remite a isto van absterse.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (Sr. Vidal Ríos), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do concello de Ordes.

10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

11. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos Srs. concelleiros non se presenta ningunha moción.

12. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que formula os rogos seguintes:

- O campo de herba artificial, anexo ao campo de fútbol de Vista Alegre, ten as redes que rodean dita instalación con furados e descolgados.

Solicitan do Sr. Alcalde:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Que se reparen estes danos e que se volvan a suxeitar as redes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle da traslado á empresa encargada do seu mantemento.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Logo da inauguración da nomeada praza Cidade de Veracruz no mes de xullo de 2022, notamos a falta de papeleiras, que supoñemos están no proxecto de deseño da praza, para que as persoas usuarias desa praza poidan depositar o lixo nelas.

É polo que solicitamos ao Sr. Alcalde:

A instalación das papeleiras que axuden ao mantemento correcto dese espazo urbán.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que valorarase unha posible ubicación.

- No camiño que vai do Balado a Darefe, recentemente asfaltado, fíxose unha recollida de augas pluviais, pero non se contou no seu remate co acceso ás leiras (achegamos fotos), polo que cando se acceda a estes terreos pódese desfacer o foxo que queda para a recollida e canalización das augas pluviais.

É polo que solicitamos ao Sr. Alcalde:

Que se habilite o acceso ás citadas fincas para que non se produzan desperfectos no foxo e evitar posibles problemas nesa recollida e canalización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lles achegou a normativa urbanística ao respecto. É obriga dos propietarios acometer os accesos. O concello repón o salvagabias cando por unha actuación rompen o anterior. Non se executan os novos, a primeira vez é obriga do propietario.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Varios veciños e veciñas trasladáronlle ao BNG as queixas sobre a atención sanitaria que están a recibir nos últimos meses no Centro de Saúde de Ordes.

O médico que tiñan asignado deixou o posto, e dende aquel intre foron atendidos por diversos médicos/-as diferentes, mesmo chegando a seren atendidos/-as por ata 5 profesionais nos últimos 6 meses.

É evidente que isto supón unha notable merma na calidade da atención sanitaria recibida por ditos/-as pacientes, ó non contar cun seguimento axeitado por parte do mesmo profesional que xa é coñecedor das circunstancias do/-a paciente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tamén nos trasladaron as queixas polos problemas e cambios que se están últimamente a dar no horario de tarde pola falta de profesionais. Como mostra, o pasado 13 de setembro doentes con citas para a tarde foron avisados/-as a última hora de que ese día “non había médico pola tarde”.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Trasladar esta situación que se está a dar no Centro de Saúde de Ordes ó Sergas, e esixir unha solución.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dita cuestión xa foi posta en coñecemento pola concelleira. Non hai inconveniente en dar igualmente traslado do seu rogo.

- No pasado mes de xullo, desde o BNG preocupámonos polas obras de pavimentación da estrada que une o núcleo da Portela coa N-550, pasando por Queirúa e o Conde, poñendo o foco nas conducións das augas pluviais.

Unha vez pavimentada a vía, a posteriori abriuse unha gabiá co gallo de canalizar e recoller as augas pluviais, o que entendemos como unha total improvisación e falta de control das obras.

Pero resulta especialmente grave que dita condución de pluviais fose conectada á rede de saneamento municipal, o que provoca a emisión de cheiros a través das reixas dos sumidoiros e contribúe a saturar a E.D.A.R. en épocas de choiva.

Mentres que na actualidade moitos concellos invisten recursos e fan esforzos en separar as redes de pluviais e de fecais, o PP en Ordes decide incrementar as redes que se comunican, emanando cheirumes insalubres cara a vía pública e nas inmediacións das casas da veciñanza.

Así mesmo, o resultado destas obras provocou a aparición de novos problemas de estancamento de augas pluviais na vía pública, dado que non se colocaron conducións de pluviais nas zonas onde se carecía das cunetas ou tubaxes precisas, e por outra banda a pavimentación elevou as cotas en diversas zonas do firme o que fixo desaparecer os pequenos canais por onde circulaban as pluviais en superficie.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A corrixir as deficiencias das obras efectuadas que derivaron na aparición de cheiros e asolagamentos na vía pública, separando a condución de pluviais improvisada da rede de fecais e dotando de recollidas e conducións de pluviais ás zonas que carecen das mesmas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este rogo xa foi contestado no pleno de xullo. Como xa lle dixó entón aquí non hai ningunha improvisación, todas as reposicións se fan ao final. Este punto era complexo, así o decidiron tratar a dirección das obras e a empresa contratista. Vostede considera grave a condución, o verdadeiramente grave é meter as augas pluviais nas fecais. Isto xa foi coordinado, están a falar dunha mínima cantidade que incluso facilita a evacuación das augas residuais. Son coñecedoras todas as partes. Foi a solución máis idónea, están a falar dun punto baixo. Xa lle dixó antes, catro millóns de euros en actuacións de abastecemento e saneamento en catro anos. Teñen alí unha poza da que xa eran coñecedores, está pendente que a empresa que fixo as obras, que está en período de garantía



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

a poida repoñer. Unha única poza nunha actuación que ten bastante distancia. O concelleiro de obras, o director das obras son coñecedores da situación, a empresa contratista tamén. Tratarase de ver a solución para esta poza. Creouse unha lámina de auga nun punto baixo do que é actuación da obra tanto para unha marxe como para a outra. En relación aos cheiros non teñen coñecemento de queixa de ningún veciño ao respecto, que se poña en contacto co concelleiro de obras para velo alí de maneira puntual. Comprobouse é nese momento cheiro non o había. Hai unha solución que se acometerá cun pequeno arranxo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ten pasado por alí en diversas ocasións. O que manifestan os veciños é que os cheiros vólvense máis intensos cerca da noite. Cando foi tomar as fotografías ese día pola tarde emitía cheiros igual, achegáronse dous ou tres veciños da zona que recoñecen que alí hai cheiros. Darlle solución a ese problema, solucionar tamén o das pluviais para evitar os asolagamentos que se producen alí.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que insiste no que dixo antes, o concelleiro tamén estivo cos veciños e non lle trasladan o que a vostede lle trasladan. Estas fotos son xusto de cando se acometeu a actuación no mes de xullo, non son de agora. Non trate de convencer de algo que non procede. No caso de vostede é un veciño, sabemos de quen estamos a falar.

- A finais de xullo o concello de Ordes anunciaba que se procedería a dotar dunha pista multideporte ao colexio Campomaioir, un proxecto cun orzamento de licitación de 140.605,34 euros, dos cales 63.750 euros serían aportados pola consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ao abeiro do denominado como “Plan de nova arquitectura pedagóxica”.

Trátase dun equipamento cunhas dimensións de 30x15 m, que se pretende situar no espazo existente ao leste do pavillón Campomaioir.

O claustro do CEIP Campomaioir, manifestou que non foi consultado sobre a citada actuación pretendida, considerándoa innecesaria e que prexudica o desenvolvemento do proxecto educativo do centro; dado que a mesma preténdese construír na única zona verde do patio, pensada para o xogo libre e para o lecer, con bancos, herba e árbores.

Ademais, resalta que o CEIP Campomaioir non precisa de novas pistas de deporte, pois xa conta con espazos suficientes para a súa práctica tanto ao aire libre, como de xeito cuberto.

A pesares deste rexeitamento amosado polo claustro do CEIP Campomaioir ás instalacións pretendidas, amparado tamén por outras persoas integrantes da comunidade educativa do citado colexio que deron o seu apoio ás reivindicacións sinaladas nunha recollida de sinaturas efectuada no propio centro, o goberno municipal fixo caso omiso e seguiu adiante coa licitación das obras, as cales foron adxudicadas o pasado 16 de setembro á empresa “Sport Equipalia, S.L.U.” por importe de 110.500 euros.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Atender as demandas do claustro e da comunidade educativa do CEIP Campomaioir, non acometendo a construción da pista multideporte, ou cando menos, estudar a súa implantación noutra zona acadando un mínimo consenso.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que aclarar en primeiro lugar que o custe de licitación son 110.500 euros máis iva, 133.705,00 euros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tamén aclarar uns conceptos básicos que hai que recordar. Primeiro, a comunidade educativa a forman o claustro, os pais dos trescentos cincuenta alumnos matriculados e os representantes das administracións. As obras fanse en terreos municipais. Consecuentemente a comunidade educativa non é competente para tomar ningunha decisión. O 25 de maio de 2022 enviouse escrito ao CEIP Campomaioir no que se informa da pretensión de solicitar unha axuda para a construción dunha pista multideporte nos terreos do concello para uso e desfrute dos alumnos en horario lectivo solicitando o acordo da apertura ao público fora dese horario. Requisito formal para a solicitude da subvención. O CEIP o pon en coñecemento da Xefatura Territorial e do Servizo de Inspección e comunícalle ao concello o acordo para a apertura da pista multideporte fora do horario lectivo para desfrute da poboación do concello. A autoridade educativa deu a coñecer a modo de informe nun claustro este acordo. A consulta da que vostede fala nin é preceptiva, nin é vinculante, nin é necesaria. Non hai que facer unha votación no claustro do profesorado por que se executa esta actuación en terreo municipal. Non ten nada que dicir, so ten que estar informado. Ao comezo do curso lectivo un mestre, descoñece porqué, porque se foi mudando de argumentación ao longo das semanas. Tratan de convencer ao resto do profesorado, Anpa e pais de que se posicionen en contra da pista multideporte. Manipulando información, se preocupase como se ía desenvolver o proxecto e sen coñecelo, chegando a facer campaña dentro das aulas, o que lle parece gravísimo, co fin de obter unhas sinaturas, das que vostedes falan, en contra da execución da obra. Afortunadamente, o que lle satisface, a Anpa e as familias preocupáronse de consultar e contrastar co goberno municipal a información que se lles deu, dándose conta de que a mencionada obra ía por en valor a mencionada área lúdica e de xogo libre coa que conta o colexio. As sinaturas da que se fala, en ningún momento se entregaron no concello as sinaturas recollidas no centro. Esta mañá está concelleira asistiu persoalmente a unha reunión no centro no que estaba representada a comunidade educativa, na que estaban mestres, Anpa, pais e administración. Agás os contrarios á instalación da pista, os demais mostraron o seu apoio á instalación. Resulta inconcebible que sendo o concello de Ordes un dos adxudicatario dunha das vinte e cinco pistas multideporte de toda a comunidade autónoma, determinadas actitudes empañanen unha actuación que se leva a cabo en beneficio non so dos alumnos do CEIP Campomaioir, senón de todos os veciños de Ordes. É sorprende aínda máis que en boca de algún mestre, que tras coñecer a realidade mencione “non foi isto o que nos contaron”. Parécelle moi grave. Para rematar e lle conste a todo o mundo. Non se vai a eliminar ningunha zona verde, non se van a eliminar bancos, non se van a eliminar árbores. A pista multideporte vai a facerse en céspede artificial, aberta, accesible e segura, cumprindo as prescricións técnicas de arquitectura pedagóxica aprobada pola Consellería de Educación. Pídelle que a próxima vez que alguén lle vai cun conto. Isto foi un conto. Faga estudo do caso que se lle presenta, faga uso do teléfono que está operativo. O grupo de goberno traballa en beneficio dos nosos veciños, sempre, aínda que algunha das veces a algunha persoa non lle guste.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a comunidade educativa non é competente, pero a comunidade educativa utiliza o centro. Entende que cando se fai unha actuación como esta lle afecta ás súas zonas, o lóxico é que se lle consulte e que se teñan en conta as súas aportacións. Non é nada do outro mundo que se manifesten sobre unha actuación que se vai a facer no centro educativo no que desempeñan a súa labor ou se educan os seus fillos. É san que se faga esa práctica. Faise unha consulta a principios de xullo onde non se especifica onde se vai a ubicar a pista, nin as súas características, sen dar ningunha explicación. Despois ubícase nunha zona sen chegar a un mínimo consenso. Ao final o que se está pedindo é que se ubique nunha zona onde a todos lles pareza un pouco mellor. En calquera actuación vai haber xente que estea a favor e xente que estea en contra. Dicir que a pista non vai a afectar á zona verde. A pista ten unhas determinadas vaias. Haberá que estudar se se pode implantar nalgún patio onde xa hai unha pista aberta. Ao mellor non era o caso do CEIP Campomaioir, senón noutro CEIP que teña esa necesidade. O concello non recibiu un escrito con sinaturas pero sabe que se están recollendo, si recibiu un escrito conforme o claustro emitía as súas consideracións sobre esa actuación. Este concelleiro si que chamou a diversa xente, si que recopilou información do que opinaban diversas agrupacións. Non presentan calquera cousa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Son representantes dos veciños como vostedes. Piden que se senten e busquen un mínimo consenso. Buscar un sitio que resulte menos prexudicial, máis beneficioso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo un comunicado o 24 de maio, contestado e asinado o 25 de maio, saída número 35 do centro educativo. Esa é a realidade da comunicación. Pista de 30x15, infografías, enlace da comunidade educativa, copia da nota de prensa da Xunta de Galicia. Estaba todo a disposición de calquera que o quixera consultar, especialmente do CEIP Campomaior. Estivo colgada na páxina web e redes sociais do concello. Esa é a realidade. Se se limitase a leer a orde vería que a día de hoxe a única posibilidade de implantar esta pista multideporte nos centros educativos de Ordes é a que se adoptou, para cumprir todos os requisitos. Veremos o que acontece no futuro. Xa se lle deu traslado á Consellería para que muden algúns dos puntos para que se poida facer tanto no CEIP Mesón do Vento como no CEIP Castelao. A día de hoxe como é a regulación da orde había una única opción, trasladouse ao centro con carácter previo. É lamentable que veña aquí a dicir que falou con tal e non sexa capaz de contar como lle deron cera e lle deron para atrás determinados representantes do centro. Que o queiran dominar unha ou tres persoas, que despois veña aquí como salvador, e despois se dedique andar chamando para recabar información, non lle gusta admitilo. Esa é a realidade que non é capaz de recoñecer. Está completamente seguro de que esas sinaturas son mínimas e non se van a atrever a presentalas. Se a día de hoxe lle consultan aos pais despois de estalos enganando durante tanto tempo, a inmensa maioría piden que lle retiren a súa sinatura. Primeiro por non ser advertidos da normativa de protección de datos por esta promovente e dous acólitos máis da comunidade educativa. Esa non é a realidade da comunidade educativa total do CEIP Campomaior, nin do seu claustro. É lamentable que se perda unha votación que promove hoxe ti alí con oito persoas e que te quedas so contra sete. A obra está adjudicada, contratada, co seu plan de seguridade, iniciáronse os traballos como estaba previsto o pasado martes e ten que estar rematada, dacordo cos prazos da orde, antes do 1 de decembro de 2022. Hai que traballar, xestionar, non podemos estar ás ocorrencias de unha, dúas ou tres persoas, ou do voceiro do grupo BNG neste pleno. Esas non son as demandas do claustro, son de dous ou tres interesados. A comunidade educativa está totalmente a favor, salvo esas dúas ou tres persoas, do que se está a facer alí. Cen sinaturas con mala información, que a día de hoxe non queren saber nada e xa lle deron as pilas a toda esa xente que estivo alí con mentiras falando falsidades da dimensión da pista, da súa situación, de que ía ir cuberta, de determinadas características, que ía ir en formigón, non sabía nin do que falaban. Se se lle din determinadas cousas a quen lle estas a pedir una sinatura e non lle contas a realidade estas mentindo, cando contas a realidade esas persoas quedan en evidencia e vostede se suma á evidencia desas persoas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que as sinaturas si avisan da protección de datos, as pode revisar cando lle cheguen.

- Usuarios do local destinado aos maiores no centro sociocomunitario Isabel Zandal, déronnos traslado das súas queixas ao respecto de que o citado espazo non conte cunhas máquinas expendedoras de bebidas ou outros consumibles; servizo que si existiu no local social da terceira idade que estaba situado na rúa Reconciliación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dotar ao edificio do centro sociocomunitario Isabel Zandal dun servizo de “vending”, con máquinas expendedoras de bebidas e outros consumibles.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no día de maña publicarase na Plataforma de Contratos do Sector Pública a licitación a instalación destas máquinas de vending. Xa advirte que pode quedar deserta por que non hai interese, hai que ver o que acontece. O mesmo se lle trasladou aos usuarios, o concello non pode prestar estes servizos, ten que ser cunha empresa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

externa. Houbo interese no seu momento na piscina climatizada e biblioteca, esta a funcionar o servizo. Veremos o que acontece con estes dous puntos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non se sabe o que vai a acontecer, espera que saia para adiante. En caso de no ser así valorar ampliar os puntos nos contratos existentes, ou no momento de tramitar unha nova licitación que se contemple a instalación de máquinas expendedoras en todos estes lugares.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se pode provocar que quede todo deserto, hai que consultar previamente e ter en conta a realidade. Ninguén traballa a perdas, os profesionais do sector son os que coñecen o funcionamento deste servizo.

- O pasado 15 e 16 de agosto, as choivas impediron que a veciñanza puidese gozar como lle houbese gustado dos últimos días das festas de Ordes.

O pasado venres 23 de setembro as choivas tamén facían aparición no "Festi Ordes".

Ben seguro que en numerosas ocasións as choivas farán acto de presenza nos momentos menos oportunos ou durante algunha celebración. É algo que obviamente non podemos controlar, mais si que podemos dispor de medios ou servizos que minimicen os seus efectos ou permitan cando menos, levar a cabo a celebración dos eventos.

Outros concellos dispoñen de carpas en propiedade que empregan cando son necesarias, incluso permitindo a outras agrupacións facer uso das mesmas como por exemplo ás comisións de festas das parroquias.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que o concello de Ordes merque unha carpa de dimensións axeitadas en propiedade. Como alternativa, procurar un acordo entre os concellos da Mancomunidade de Ordes, co gallo de dispoñer de varias carpas mancomunadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un punto que xa foi tratado no anterior mandato. Xa se lle dixo entón que nin Ordes nin a inmensa maioría dos concellos da mancomunidade comparten esta visión. O único concello que a ten está bastante preocupado coa situación xestiona a instalación a través dunha empresa externa, máis parece unha carpa dunha empresa e non do propio concello. Na Alameda é imposible instalar unha carpa na N-550. A referencia aos días 15 e 16 non se pode levar a cabo. É necesaria unha dotación de medios humanos e técnicos para o montaxe e desmontaxe que non ten ningún concello e xeraría moito conflito á hora de levalo a cabo e ante todo hai que cumprir a normativa de prevención de riscos laborais, que ninguén vai a asumir como representante dun concello ou mancomunidade. Cando teñan a oportunidade de gobernar tomen a decisión contraria. Eles non a comparten, nin os outros concellos.

- No campo da Feira abriuse unha gabia co gallo de soterrar unha canalización cara o edificio dos xulgados, que logo foi tapada con formigón.

Xa pasado un tempo, semella que a actuación é definitiva, sen que se repoña axeitadamente o pavimento afectado polas obras.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A esixir a reposición do pavimento afectado, con baldosas semellantes ás existentes na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta foi unha actuación de telefónica, hai una fianza. Xa están avisados e requiridos. Insistirán novamente nesta actuación rematada no mes de xullo.

- No pleno ordinario do mes de xuño, desde o grupo municipal do BNG solicitamos a convocatoria do Consello da Emisora Municipal para analizar a situación na que se atopa Radio Ordes.

Case chegado o mes de outubro, atopámonos cun servizo que leva meses sen emitir nada en absoluto, e sen que exista ningún tipo de acción que procure algunha solución á situación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A convocar o Consello da Emisora Municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están as obras sen rematar e os traballadores sen incorporar. Reitérase o que se lle dixo entón.

- Na rúa do Recreo, procedeuse á apertura dunha gabia na estrada, que posteriormente foi tapada con formigón.

Xa pasado un tempo, semella que a actuación é definitiva, sen que se repoña axeitadamente o pavimento afectado polas obras.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A notificar esta incidencia á Deputación da Coruña, co gallo de que esixa unha axeitada reposición do pavimento afectado polas obras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son coñecedores. Se se fixa no firme, fíxese no firme da totalidade da estrada e pida que se proceda a reparación de todo que ten moita falta, ao igual que a humanización da rúa, reposición dos bordillos, accesibilidade e demais que ten que facer a Deputación Provincial nunha vía da súa titularidade e que foi demanda en varias ocasións dende o ano 2016. Neste caso o vixiante da zona é coñecedor, indica que é un permiso de gas, que teñen que repor todo o carril, que lle vai a por presa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é coñecedor da zona e do que hai, pero do mesmo xeito que o Concello de Orde acometeu todas as obras na N-550 propiedade do Ministerio de Fomento, agora está a escurrir o bulto nunha rúa da Deputación Provincial. Está de acordo en que ten que colaborar a Deputación Provincial, non vai a ser so o Concello de Ordes. Terán que chegar a un consenso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está moi verde para chegar a ser algún día alcalde de Ordes. As beirarrúas de Alfonso Senra son de titularidade municipal, llo di as veces que faga falta. Pregunte e vaia a informarse. Xa leva oito anos na corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que formula os rogos seguintes:.

- Na páxina do concello publicouse a licitación das obras da senda peonil mesón do Vento-O Seixo e, polo que se pode ver na fotografía, a senda non vai a chegar á estrada N-550.

Preguntamos ao Sr. Alcalde:

Cal é o motivo de que esta senda peonil non chegue á estrada N-550.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle pide que acuda ao departamento de urbanismo onde lle poderán aclarar isto que é unha cuestión puramente urbanística polo que non pode ser. Non lle vai a responder por que non o vai a crer. É unha cuestión puramente urbanística.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que lle pide que lle dea unha resposta, despois a aceptará ou non.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que onde se vai a actuar son terreos de titularidade municipal, cumpre os requisitos e ten os informes preceptivos, o resto é un solo urbano non consolidado, titularidade privada do solo, son os propietarios os que teñen que acometer as actuacións, non pode ser o concello.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Coas obras de reforma do antigo centro comarcal de Ordes iniciouse o seu desmantelamento para deixar baleiro o inmovible.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿Cal foi o destino da moblaxe (mesas, cadeiras, neveiras, andeis, ...etc.) da antiga cafetería? Hai algún elemento desta moblaxe reutilizable noutros servizos públicos?.

¿Qué vai ser ou que foi da maqueta da comarca que estaba alí exposta?.

¿Vai ocupar algún espazo para poder ser vista polo público en xeral?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moblaxe está na nave do concello no parque empresarial, vai a ser reutilizada en servizos e instalacións públicas. A maqueta será exposta na nova sede da mancomunidade, o actual edificio da oficina agraria comarcal en rúa Nova. E con toda posibilidade vai a converterse na mesa de xuntas da Asemblea da Mancomunidade porque ten todas as cualidades para ser utilizada como mesa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- O pasado venres 23 de setembro tivo lugar o coñecido como “Festi Ordes”. Evento que foi anunciado o pasado 16 de setembro con só unha semana de antelación.

Na cartelería que anunciaba o acto, sinalábase que en caso de choiva habería carpa, algo que por desgraza non foi así, dado que dita carpa non foi instalada, a pesares de que as previsións meteorolóxicas anunciaban choivas para a tarde-noite do venres 23 de setembro.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cales foron os motivos de que o evento coñecido como “Festi Ordes” só fose anunciado cunha semana de antelación?.

¿Por qué non foi instalada unha carpa como anunciaba a cartelería, a pesares de que as predicións meteorolóxicas vaticinaban choiva durante o evento, como así finalmente aconteceu?.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de cultura, que sinala que 8 de setembro confirmaron dende o Xacobeo o concerto para o festival, ofertando so dous concertos Xavier Díaz e Monolios. Pareceulles un cartel un pouco escaso e pediron se lles podían enviar un concerto a maiores solicitando o grupo Dios que te Criou, non o aceptaron ata o 12 de setembro pola tarde. O día 13 empezaron a preparar a cartelería, o 16 de setembro fixeron a publicación coa asistencia dun membro do Xacobeo. Esta foi a razón pola que se retrasou. En canto á carpa, dende o día 16 en que se fixo a presentación da carpa estiveron atentos ao tempo, o mesmo día venres pola mañá no Telexornal non daban auga para a noite. Dende o departamento de Cultura puxéronse en contacto con Meteo Galicia indicando que tampouco habería auga pola noite. Este foi o motivo polo que non se instalou a carpa.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias